

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**17568** *Lei 37/2010, do 15 de novembro, pola que se crea a Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

A Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais foi e é unha reclamación constante dos distintos grupos parlamentarios.

A creación desta oficina obedece á necesidade de articular no seo das cámaras un mecanismo eficaz de asesoramento técnico en materia de seguimento e control da execución dos orzamentos xerais do Estado e sobre aqueles aspectos que teñan repercusión nos ingresos e gastos públicos, instrumento inspirado nos principios de independencia, obxectividade e transparencia que se pon ao alcance dos deputados e senadores.

Artigo primeiro. *Creación da Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais.*

Por medio desta lei créase a Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais, adscrita organicamente á Secretaría Xeral do Congreso dos Deputados, para o asesoramento técnico en materia de seguimento e control da execución dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo segundo. *Composición e medios.*

1. O director da Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais será nomeado polas mesas das cámaras en reunión conxunta, por proposta do presidente do Congreso dos Deputados, oídas as respectivas xuntas de portavoces, entre persoas de recoñecido prestixio profesional en disciplinas económicas, financeiras ou orzamentarias.

2. O orzamento das Cortes Xerais incluirá a dotación orzamentaria necesaria para o exercicio das funcións da Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais.

Artigo terceiro. *Funcións.*

Corresponden á Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais as seguintes funcións:

a) O seguimento e control da execución dos orzamentos xerais do Estado e da súa liquidación e o asesoramento técnico aos órganos das cámaras, así como aos deputados, senadores e grupos parlamentarios, en todas aquelas consultas que estes realicen en relación cos orzamentos e co seu estado de execución ou liquidación e respecto dos ingresos e gastos públicos.

b) A recompilación e sistematización da información económica e orzamentaria elaborada por outras institucións públicas e privadas.

c) O seguimento da actividade lexislativa que teña repercusión nos ingresos e gastos públicos.

d) Calquera outra que lle sexa encomendada polas mesas das cámaras, por iniciativa propia ou por solicitude das comisións de orzamentos.

Artigo cuarto. *Información e documentación.*

1. O Goberno remitirá á Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais, para o cumprimento das súas funcións, información periódica, de acordo coas seguintes condicións:

- a) Un informe mensual sobre a execución do orzamento xeral do Estado.
- b) Un informe semestral sobre o grao de execución do investimento real do sector público estatal.
- c) Un informe anual sobre a liquidación provisional do exercicio orzamentario anterior. Este informe prestará particular atención ao nivel de execución dos investimentos que foron aprobados nos orzamentos xerais do Estado correspondentes ao ano anterior.

2. O establecido no número anterior débese entender sen prexuízo da obriga do Goberno de manter a remisión ás cámaras dos informes que no momento da entrada en vigor desta lei estivese enviando con carácter periódico, en particular daqueles que deban ser trasladados ao Congreso dos Deputados e ao Senado en virtude de mandato legal.

3. Para o cumprimento dos fins da Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais estableceranse os mecanismos e instrumentos de colaboración necesarios coa Administración xeral do Estado, co obxecto de dispor da información suficiente para abordar as funcións encomendadas.

A Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais disporá de acceso ás bases de información contable e orzamentaria da Administración xeral do Estado, incluído o sector público empresarial e as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, de forma directa ou mediante petición aos responsables directos do seu tratamento.

En particular, poderase acordar a creación dunha canle de información específica e directa entre a Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais e os servizos de información, coordinación e programación orzamentaria do Ministerio de Economía e Facenda.

4. A Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais elaborará anualmente un informe que elevará ao presidente do Congreso dos Deputados, en que se expoña como evolucionou o acceso á información referida no número 3 anterior en canto afecte a facilidade, rapidez e desagregación desta.

Disposición adicional.

A regulación da organización e do funcionamento da Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais levarase a cabo por resolución das mesas do Congreso dos Deputados e do Senado.

Disposición derradeira primeira. *Reforma da Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora.*

A disposición transitoria segunda da Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria segunda. *Notificacións telemáticas e publicación no taboleiro de edictos de sancións de tráfico.*

1. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e os órganos das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor estarán obrigadas a efectuar as notificacións telemáticas no momento da entrada en vigor desta lei.

2. As administracións locais incorporaranse progresivamente a efectuar as notificacións telemáticas e a publicación no taboleiro de edictos de sancións de tráfico, en función da dispoñibilidade dos seus medios técnicos. En todo caso,

estarán obrigadas a practicalas no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei.

3. Os prazos establecidos nos puntos anteriores aplicaranse na medida en que sexan compatibles co disposto na disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos noventa días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto o previsto na disposición derradeira primeira, pola que se reforma a Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora, que o fará o día seguinte ao da súa publicación.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de novembro de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO